

Aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, que rexen a **contratación da “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL”**, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. **Obxecto:** A contratación da “Subministración de material eléctrico para o alumado público municipal”.
2. **Duración do contrato:** Máxima de oito (8) días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da sinatura do contrato.
3. **Prezo de licitación:** O orzamento máximo de licitación, é de **14.867,05 €**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **3.122,08 €** e o orzamento máximo de licitación, co IVE é de **17.989,13 €**.
4. **Procedemento e tramitación:** A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración).
5. **Lugar e prazo de presentación de ofertas:** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas** dentro do prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, **www.sanxenxo.es**. O cómputo de prazos comezará dende a derradeira publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliárase ao día seguinte hábil que non fose sábado.
6. **Criterios de adxudicación:** Serán os sinalados na cláusula 8ª dos Pregos respectivos.
 - a. **Prezo:** Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o presuposto máximo de licitación, co IVE, (17.989,13 €). Valorarase ata un máximo de **OITENTA E CATRO (84) PUNTOS**.
 - b. **Prazo: Reducción do prazo de sumministracion.** Ata un máximo de **DEZASEIS (16) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar na súa proposición, a redución do prazo en días, respecto ao máximo de execución previsto (8 DÍAS HÁBILES). A estes efectos computarase a razón de dous (2) puntos por día.
7. **Mesa de contratación:** Constituída no día de hoxe, 4 de marzo de 2015, por Resolución da Alcaldía, de acordo co sinalado na cláusula 9ª dos Pregos respectivos.
8. **Clasificación:** Non se esixe.

9. Solvencias:

- a. **Económica-financeira**: Acreditarase de acordo ao artigo 75 1. a) do TRLCSP. Neste senso os licitadores deberán presentar **o volumen anual de negocios, ou ben o volumen anual de negocios no ámbito** ao que se refire o presente contrato, referido aos **TRES (3)** últimos exercizos disponibles, por importe igual ou superior a **14.867,05 € sen IVE**.
- b. **Técnica-profesional**: Acreditarase mediante **unha relación de subministracións relacionadas co obxecto deste contrato, en contía igual ou superior a 44.601,15 €, sen incluír o IVE**, realizados no curso dos **CINCO (5) ANOS** anteriores a data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, que inclúa importe, datas e destinatario público ou privado dos contratos. Acreditarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. No caso de non aportar para unha subministración da relación este certificado, coas precisións que se citan anteriormente, non computará para acreditar a solvencia técnica.

10. **Garantías**: Provisoria non se precisa. Garantía definitiva do 5% do importe total da adxudicación excluído o IVE.

11. **Entidade e información**: Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es - Perfil de Contratante.



SANXENXO, 4 de marzo de 2015.

A alcaldesa

Catalina González Bea